

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE XANEIRO DE 2022

Ás 12:00 horas do día 4 de xaneiro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Rubén Peña Barceló asiste o punto 3.b
D. Jesús Núñez Torrón asiste os puntos 9 e 10

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) (emenda sobre A)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de decembro de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lotes 3 e 4) para que puidese emendar a documentación persoal.

O licitador presentou documentación en prazo. No entanto, non subsanou o DEUC correctamente por canto non declarou non estar incurso en motivos de exclusión. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Non admitir neste procedemento a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. por non declarar no DEUC non estar incurso en motivos de exclusión.

3.- Apertura administrativa e técnica



a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (DIGIBIS S.L.U. e XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade,

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- DIGIBIS S.L.U.
- XERCODE MEDIA

A continuación ábrese a "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (AGRONERGA S.L, COSAPLAG, S.L.U. e SANIASTUR, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade,

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- COSAPLAG, S.L.U.
- SANIASTUR, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:15	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4D-8555E9-5828A9-XHUCDX-6KKD4Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - AGRONERGA S.L, deberá acreditar a solvencia técnica.

Comprobase que consta a "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" de cada un dos licitadores.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lotes 5)	GARCI VENTA, S.L. (lotes 2, 3 e 4)	Transportes Pablo Val S,L. (lotes 1 e 2)
Baixa proporcional única de % prezos unitarios lote 1.			13,52%
Baixa proporcional única de % prezos unitarios lote 2		21%	21,76%
Baixa proporcional única de % prezos unitarios lote 3		21%	
Baixa proporcional única de % prezos unitarios lote 4		26%	
Baixa proporcional única de % prezos unitarios lote 5	15,41%		
Baixa proporcional única de % unidades non previstas no PPT para o lote 1*			18,52%
Baixa proporcional única de % unidades non		21%	26,76%



	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lotes 5)	GARCI VENTA, S.L. (lotes 2, 3 e 4)	Transportes Pablo Val S,L. (lotes 1 e 2)
previstas no PPT para o lote 2*			
Baixa proporcional única de % unidades non previstas no PPT para o lote 3*		21%	
Baixa proporcional única de % unidades non previstas no PPT para o lote 4*		26%	
Baixa proporcional única de % unidades non previstas no PPT para o lote 5*	20,41%		

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 30 de decembro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:15	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4D-8555E9-5828A9-XHUCDX-6KKD4Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	EXPORTRENDS CONSULTING, S.L.	74,1 ptos.
2	INSTITUTO SONDAJE, S.L.	62,14 ptos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. (B-27.872.423), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)4

